

incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que cumpran os requisitos establecidos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións. Tales extremos acreditaranse documentalmente, comprobaranse de oficio ou mediante declaración. O seu importe, xunto con outras axudas, non poderá superar o 100 por 100 do custo da actividade ou investimento. A xustificación realizarase mediante a presentación dunha declaración do beneficiario na que acredite o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e declare si se recibiron ou non outras axudas para o mesmo fin, indicando importe e entidade que a concedeu, no seu caso, e unha relación de gastos ou certificacións de obras, acompañada de facturas orixinais ou compulsadas, ou no caso de concursos, os recibos dos premios, que sumen polo menos o importe da subvención concedida. A sinatura do Sr. Alcalde na orde de transferencia acreditará tal extremo. Todo iso sen prexuízo do que se estableza para o efecto especificamente para cada subvención. Na convocatoria de cada procedemento determinarase o resto da súa regulación.

En casos moi excepcionais e debidamente informados e xustificados, poderán concederse subvencións "en especie" con cargo á aplicación orzamentaria 2019.0.231.00.48100, e os gastos realizados para a adquisición dos produtos que constitúen a subvención, financiaranse cos créditos consignados nela.

Consiñanse os créditos polos importes que se indican deseguido en concepto de subvencións nominativas ás entidades que se relacionan para os gastos que se expresan, realizados durante o exercicio de 2019:

ENTIDADE BENEFICIARIA	CONCEPTO	IMPORTE
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.48000		
Asociación de Veciños de Taboada	Festas Santa Mariña 2019	1.289,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		1.289,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 341.48000		
Club V.S. Competición(Club Rally Monfero)	Competición automobilística 2019	500,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		500,00
TOTAL 2019		1.789,00

Resérvanse os créditos polos importes que se indican deseguido en concepto de subvencións nominativas ás entidades que se relacionan para os gastos que se expresan, a realizar durante o exercicio de 2020:

ENTIDADE BENEFICIARIA	CONCEPTO	IMPORTE
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 326.48000		
Consello de Anciáns de Xestoso	Uned Sénior	2.000,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		2.000,00

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 334.48000		
CPI "Virxe da Cela"	Programa ocupación tempo libre (transporte)	2.000,00
Grupo folclórico, cultural e deportivo "Virxe da Cela"	Actividade asociación cultural	1.200,00
Consello de anciáns de Xestoso	Viaxes culturais	500,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		3.700,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.48000 De agosto en diante		
Comisión de Festas de Queixeiro	Festas do Rosario	1.289,00
Comisión de Festas de Val de Xestoso	Festas da Nosa Sra. dos Remedios	200,00
Comisión de Festas da Graña (Alto Xestoso)	Festas de Nosa Señora	1.289,00
Comisión de Festas do Ferro (Alto Xestoso)	Festas de San Cosme e San Damián	1.289,00
Comisión de Festas de Lagares	Festas de San Xíao	2.089,00
Asociación Cultural O Abordelo	Xornada Cultural no Mosteiro	2.400,00
Sociedade Coop. do Val de Xestoso	Feira do Grelo	7.089,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		15.645,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 341.48000		
Club Deportivo Concello de Monfero	Actividade de fútbol sala e ciclismo	1.200,00
Fútbol Club Monfero	Actividade club	4.500,00
Club Deportivo Eumenatura	Actividade deportiva	500,00
Sociedade Deportiva de Cazadores de Xestoso	Actividade asociación cinexética	400,00
Sociedade de Caza Virxe da Cela	Actividade asociación cinexética	600,00
ANPA CPI Virxe da Cela	Actividade piscina Betanzos (transporte)	1.200,00
Club V.S. Competición(Club Rally Monfero)	Competición automobilística	500,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		8.900,00
TOTAL		30.245,00

As subvencións nominativas que se reflicten no cadro anterior, serán obxecto de convenio individual que as desenvolva de acordo co modelo aprobado polo Pleno da Corporación. Abonaranse por transferencia bancaria á conta que deberá estar aberta a nome da comisión ou persoa xurídica correspondente, logo de acreditar a personalidade, co CIF, incluso as comisións de festas, a representación, a presentación da documentación xustificativa dos gastos (facturas, etc.), a declaración na que acredite que os festexos, actividades ou finalidade da subvención leváronse a cabo, que nin o representante nin a persoa xurídica á que representa están incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa